



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello  
**Día:** 21 de xullo de 2016  
**Hora de comezo:** 9.00 h  
**Hora de remate:** 10.40 h

### **ASISTENTES:**

Don Manuel Fernández Munín  
Don Jesús Sanjuás Mera  
Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro

### **AUSENTES:**

Don Ovidio Rodeiro Tato

No salón de sesións da casa do concello presidindo o concelleiro e primeiro tenente da alcaldía, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Apertura de sobres B e C respecto das obras do AGADER e dos colectores de saneamento do SAUI, polígono industrial de Sergude**
- 3. Aprobación do proxecto de compensación SAUI-2 modificado**
- 4. Arquivo do expediente de limpeza/corta na leira número 3889313NH4339S0001SZ, do lugar de xxxxx-Lestedo**
- 5. Inicio execución subsidiaria de limpeza da parcela número 986, polígono 513 do lugar de xxxxx-Lestedo**
- 6. Requirimento de limpeza de leira número 430, polígono 45 do lugar de Ledesma**
- 7. Aprobación convenio con ORANGE ESPAGNE SA para a concesión dun espazo na torre de iluminación situada no campo de fútbol de O Forte**
- 8. Aprobación proxecto “Travesía en Camporrapado”, posta a disposición de terreos e obriga de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras**
- 9. Inicio da contratación das obras incluídas no Plan PAS 2015**
- 10. Aprobación das axudas de custo ós concelleiros**

- 11. Licenzas urbanísticas**
- 12. Altas no servizo de abastecemento/saneamento**
- 13. Devolución de taxas por solicitude altas do servizo de abastecemento e saneamento**
- 14. Concesións de alta e renovación de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida**
- 15. Incremento intensidade horaria do SAF por libre concorrencia**
- 16. Rogos e preguntas**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1. Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 7 de xullo do 2016.

### **2. Apertura de sobres B e C respecto das obras do AGADER e dos colectores de saneamento do SAUI, polígono industrial de Sergude**

1º) Apertura sobres B e C do “Camiño de Carabán a Cruce de Lamas e outros” (AGADER)

Na Xunta de Goberno do día 7 de xullo de 2016, iniciouse a contratación polo procedemento negociado sin publicidade e con urxencia da obra denominada Camiño de Caraban a cruce de Lamas e outros por importe de 74.208,09 euros.

Con data 8 de xullo, publícase no perfil do contratista da páxina web municipal, a licitación das obras cos documentos necesarios para que as empresas puidesen presentar as súas propostas. O prazo para a presentación das ofertas era de 10 días naturais.

Con data 19 de xullo, a secretaria- interventora, presenta a correspondente certificación das empresas que presentaron as súas ofertas e que a continuación se relacionan:

- Concifa, SL
- Martínez Montes e Hijos, SL
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA
- Oviga, SL
- Hordescon, SL

A documentación contida nos sobres A é calificada sendo correctamente presentada por tódalas empresas licitadoras.

O órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, procede coa apertura dos sobres B – Referencias Técnicas.

A documentación é selada polo servizo de contratación para remitir ó técnico e membro do órgano negociador, que informará os criterios reflectidos no anexo V que foi aprobado para o efecto e publicado no perfil do contratista.

A continuación ábreanse os sobres C de ofertas económicas, e coa finalidade de cumprir os pregos de cláusulas e non dar a coñecer o nome real de cada unha das empresas, para a posterior negociación, adxudícaselle a cada unha das empresas un código alfanumérico. A continuación transcríbense as ofertas presentadas polas empresas licitadoras, tendo en conta que o tipo de licitación era de 74.208,09 euros:

Código empresa	Oferta presentada incluído o IVE
1hwa	62.921,04 euros
Pku5	74.000,01 euros
Axdf	64.264,20 euros
9cp5	63.041,00 euros
530G	66.787,28 euros

Neste momento o órgano de contratación trasládalle a documentación ó órgano de negociación que será o encargado de valorar e negociar as ofertas presentadas para, posteriormente, elaborar a proposta de adxudicación.

2º. Apertura sobres B e C da obra dos colectores de saneamento do SAUI (Polígono industrial de Sergude)  
Presuposto: 93.298,64 (IVE incluído)

Na citada Xunta de Goberno iniciáronse así mesmo, por urxencia e procedemento negociado sen publicidade a contratación da obra colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude. Publicouse no perfil do contratista e no prazo de presentación de ofertas presentáronse as seguintes:

<b>Empresa</b>	<b>Data</b>	<b>Nº de rexistro</b>
Construcciones Lemos Martínez sl	15 xullo	16/1510
Fermín Simal SL	18 xullo	16/1517
Construcciones Boqueixón	18 xullo	16/1518
Viaqua	18 xullo	16/1522
Construcciones LOYLESA	18 xullo	16/1523
OVIGA SL	18 xullo	16/1529
Eulogio Viñal SA	18 xullo	16/1531
Canalis, soluciones tecnológicas	18 xullo	16/1532
Construcciones Concifa sl	18 xullo	16/1533
Espina & Delfín obras públicas e hidráulicas	18 xullo	16/1536
Excavaciones Ovidio	18 xullo	16/1538

A documentación contida nos sobres A é cualificada sendo correctamente presentada por todas as empresas licitadoras, polo que se admiten todas.

Por outro lado, nesta mesma data, presentáronse en rexistro os seguintes escritos autorizando a realización das obras incluídas no proxecto e que afectan ás respectivas propiedades:

<b>Nome</b>	<b>Finca</b>	<b>Data rexistro ,nº entrada</b>
Dª Ermitas xxxxx	Nº1 – 135 do catastro	21 de xullo, nº 16/1569
Dª Ermitas xxxxx	Nº2-136 do catastro	21 de xullo, nº 16/1570

D <sup>a</sup> Lola xxxxx	Nº3-137 do catastro	21 de xullo, nº 16/1571
D <sup>a</sup> Herminda xxxxx	Nº4-138 do catastro	21 de xullo, nº 16/1572
D. Alfredo xxxxx	Nº5-376 do catastro	21 de xullo, nº 16/1573
D <sup>a</sup> Elena xxxxx	Nº6-149 do catastro	21 de xullo, nº 16/1574

A continuación a Xunta de Goberno procede coa apertura dos sobres B-Referencias técnicas e unha vez selada pola secretaria – interventora será remitida ao técnico e membro do órgano negociador, para que informe dos criterios reflectidos no anexo V dos pregos que foi aprobado para o efecto e publicado no perfil do contratista.

Así mesmo, procédese coa apertura dos sobres C-Ofertas económicas, e coa finalidade de cumprir os pregos de cláusulas e non dar o nome real de cada unha das empresas, para a posterior negociación, adxudícaselle a cada unha un código. A continuación transcríbese as ofertas presentadas, tendo en conta que o tipo de licitación é de 93.298,64 € (IVE incluído)

<b>Código</b>	<b>Oferta IVE incluído</b>
1-CM	77.437,87 €
2-FE	92.000,00 €
11-B	73.205,00 €
8-VU	79.303,84 €
5-YL	68.919,70 €
7-GA	93.000,00 €
3-GL	76.169,00 €
4-CL	83.968,77€
9-CA	88.633,71€
6-IL	88.633,70€
10-VO	83.968,78€

Da documentación dáselle traslado ao órgano de negociación que será o encargado de valorar e negociar as ofertas presentadas, para posteriormente, elaborar a proposta de adxudicación.

### **3.Aprobación do proxecto de compensación SAUI-2 modificado**

#### Antecedentes

Primeiro.- A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 03/09/2008, acordou:

1. Declarar a renuncia ao exercicio de reclamación administrativa de don Antonio xxxxx.
2. Estimar parcialmente a alegación presentada por don Valentín xxxxx.
3. Rexeitar o resto das alegacións presentadas con base nas consideracións legais e técnicas expostas.
4. Aprobar definitivamente o proxecto de compensación SAUI-2 de Boqueixón, coas anteditas modificacións respecto do documento aprobado pola Asemblea Xeral extraordinaria da Xunta de Compensación con data 26/08/2008.

5. Aceptar a adxudicación das parcelas do resultado para a súa incorporación ao Patrimonio Municipal do Solo.
6. Autorizar, no seu caso, a ocupación pola Xunta de Compensación das parcelas non incorporadas.
7. Requirir da Xunta de Compensación a presentación, por duplicado, do documento completo e visado que integre todas as modificacións que se deriven do presente acordo.

Segundo.- Contra dito acordo, don José xxxxx e outros interpón recurso contencioso administrativo e posterior recurso de apelación contra a sentenza do 27/01/2012 ditada polo xulgado do contencioso administrativo N° 1 de Santiago de Compostela no P. O. 588/2008.

A sentenza do T.S.X.G (recurso de apelación) de data 10/03/2016, FALLA o seguinte:

*“Estimamos parcialmente el recurso de apelación interpuesto por don José xxxxx y otros contra la sentencia dictada el 27/01/2012 por el Juzgado Contencioso Administrativo N° 1 de Santiago de Compostela en el procedimiento ordinario N° 588/2008, que en parte revocamos; y estimando también parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por los citados contra los acuerdos del ayuntamiento de Boqueixón de 03/09/2008 y el 22 de abril de 2009, **anulamos el primero**, por no ser conforme a derecho, en cuanto de la aprobación definitiva al proyecto de Compensación del Polígono único del sector SAUI-2, desestimándolo en todo lo demás.”*

Terceiro.- Con ata 25 de maio 2016, rexistro de entrada N° 974, recíbese no concello, o informe do arquitecto do SAUI-2, onde se fan as indicacións pertinentes para modificar o proxecto de compensación nos termos significados na sentenza.

O citado informe foi remitido ao técnico municipal con esta mesma data rexistro saída N° 441, e con data 14 xuño entrada N° 1197 recíbese informe (sen data) asinado polo técnico D. Isidro López Yáñez, no cal entra outros, dí que se debería solicitar unha aclaración da sentenza.

Previa comunicación telefónica ao técnico de que a esa data non se pode solicitar aclaración, con data 30 de xuño 2016, entrada N° 1534, o técnico don Isidro López Yáñez emite novo informe con data 29 de xuño 2016.

Cuarto.- Con data 14 de xullo 2016, entrada N° 1491, recíbese escrito do presidente da Xunta de Compensación e informe técnico do técnico D. Alfredo Varela Nogueira, no cal se indican as modificacións que se deben efectuar así como que as ditas correccións non constitúen modificación sustancial do proxecto de compensación. Previamente a Asemblea Xeral Extraordinaria da Xunta de Compensación na sesión celebrada o 13 de xullo de 2016 aprobou a modificación do proxecto de compensación do SAUI-2 co fin de levar a puro e debido efecto as declaracións contidas no fallo da sentenza 168/2016 de data 10/03/2016 do T.S.X.G.

### Consideracións Xurídicas

Art. 103.2 da lei 29/1998 reguladora da xurisdición contencioso administrativa, establece que as partes están obrigadas a cumprir as sentencias na forma e termos que nestas se consignen e no apartado 4 do mesmo artigo establece que serán nulas de pleno dereito os actos e disposicións contrarios aos pronunciantes das sentencias, que se dicten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.

Art. 209.3 da lei 1/2000 de 7 de xaneiro, de Enxuízamento Civil establece que “nos fundamentos de dereitos expresaranse, en parágrafos separados e numerados, os puntos de feito e de dereito fixados polas partes e os que ofrezan as cuestións controvertidas, dando as razóns e fundamentos legais do fallo que haxa que ditarse, con expresión concreta das normas xurídicas aplicables ao caso.”

E no apartado 4, deste mesmo artigo establece que o “fallo conterà os pronunciamentos correspondentes ás pretensións das partes, inda que a estimación ou desestimación de todas ou algunhas de ditas pretensións puidera deducirse dos fundamentos xurídicos.

O artigo 218.1 da mesma lei establece que as sentencias deben ser claras, precisas e congruentes coas demandas e demais pretensións das partes. No apartado 3) deste mesmo artigo establece que cando os puntos obxecto do litixio sexan varios, o tribunal fará coa debida separación o pronunciamento correspondente a cada un.

O fallo da sentenza do TSXG, estima parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto: a) Contra os acordos do 03/09/2008 (citado no antecedente primeiro) e b) do 22 abril 2009 deducíndose, en consecuencia que:

1. Estímalo contra o acordo do 03/09/2008 e nas condicións que mais adiante se expresan.
2. Desestímalo contra o acordo do 22 de abril 2009.

En canto á estimación do recurso contra o acordo do 03/09/2008, establece que o anula, por non ser conforme a dereito, **en canto da aprobación definitiva** ao proxecto de compensación, **desestimando en todo o demais**.

Tal como se pode comprobar no antecedente primeiro, a aprobación definitiva do proxecto de compensación, é o punto 4º de dito acordo. Todos os demais puntos, isto é. o 1º, 2º, 3º, 5º, 6º e 7º, non son anulados. E precisamente é aquí onde se presenta o conflito, porque no punto 3º rexeitanse todas as alegacións (incluídas as presentadas polo sr. xxxxx e polo técnico redactor do plan de sectorización don Leandro del Rio). En consecuencia débese acudir aos fundamentos xurídicos para a interpretación do fallo.

O FUNDAMENTO DE DEREITO, SÉTIMO, parece constituír o propio fundamento da sentenza, polo que a el se acude tanto o Técnico redactor do proxecto de compensación (don Alfredo Varela) como o técnico municipal (don Isidro Yáñez) , para a redacción/modificación do proxecto de compensación en cumprimento da sentenza.

Este fundamento de dereito SÉTIMO, basease fundamentalmente en 3 puntos:

-Que a Xunta de Compensación dispoña da totalidade das parcelas incluídas no polígono, pois según o documento número 3 algúns propietarios non foron chamados para incorporarse á Xunta de Compensación.

-Que os planos do proxecto non coinciden cos do planeamento xeral ou PLAN DE SECTORIZACIÓN.

-Que a representación das parcelas difire da que aparece nos planos de concentración parcelaria. Precisamente este último apartado (diferenzas cos planos catastrais e de concentración parcelaria) según se indica no fundamento xurídico sétimo é suficiente por

si sola para anular a aprobación do proxecto de compensación, porque esas diferenzas supoñen unha alteración da realidade das parcelas.

Para a corrección destes puntos e consecuentemente executar o fallo da sentenza, o técnico redactor do proxecto de compensación, don Alfredo Varela Nogueira, presenta o correspondente informe de modificación previo informe do técnico municipal, tal como se indica nos antecedentes terceiro e cuarto. A Asamblea Xeral da Xunta de Compensación do SAUI 2 de Boqueixón, que tivo lugar o 13 de xullo do 2016, acordou aprobar a modificación do proxecto de compensación do SAUI 2, co fin de levar a puro e debido efecto as declaracións contidas no fallo da sentenza 168/2016, de data 10 de marzo do 2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sá do contencioso – administrativo, sección segunda.

En canto á dispoñibilidade das parcelas pola Xunta de Compensación e a non incorporación dos respectivos propietarios, en relación co documento número 3, ter en conta que o acordo de aprobación do proxecto de compensación **foi notificado** (ademais de vía publicación no BOP) **con data 11 de setembro do 2008**, rexistro municipal da saída número 1421, entre outros varios a:

- Xunta de Compensación SAUI 2
- Sociedade Cooperativa Galega\*
- D. Modesto xxxxx
- Dona María xxxxx
- D. Xosé Manuel xxxxx

\*Ter en conta que, na Sociedade Cooperativa Galega están como socios aportantes, ademais de don José Manuel xxxxx, don José xxxxx e don Carlos Javier xxxxx e do na Dolores xxxxx.

En canto á parcela na cal se ubica a EDAR, indicar que no plan de sectorización, presentado no seu momento pola asociación de afectados do SAUI 2, presidida daquela polo Sr. xxxxx, e elaborado dito plan de sectorización polos técnicos don Leandro del Río Rego, don Miguel Serrano Gómez e don Camilo Neira Picón, inclúe no seu apartado 3.8 ( RÉGIMEN DE LA PROPIEDAD DEL SUELO) ademais da relación de propietarios, entre os **sistemas xerais**, dúas parcelas:

1. Coa numeración de catastro 510A, propiedade daquela, de don Carlos xxxxx.
2. Coa numeración de catastro 796, propiedade do concello.

Ambas parcelas están unidas por un camiño público que se reflicte no inventario municipal de bens no código 1-03-00274, cunha lonxitude de 300 metros, anchura 2,5 m.

En canto á representación das parcelas que difire da que aparece nos planos de concentración parcelaria, tal como se establece no informe do técnico redactor do proxecto de compensación, procédese coa rectificación dos mesmos mediante o reemplazo do plano número 2 orixinal do proxecto de compensación polo plan rectificado.

Por último, indicar que, tal como se sinala no mesmo informe técnico, **estas correccións non constitúen modificacións substanciais** do proxecto de compensación SAUI 2 Boqueixón, polo que débese ter en conta o disposto no artigo 109.3 do regulamento de xestión urbanística en canto establece que “si como consecuencia das alegacións

presentadas e do informe dos servizos, se acordase rectificar o proxecto de reparcelación, en termos que afecten substancialmente ao seu contido xeral ou a maior parte dos afectados, será necesario repetir o trámite de audiencia a todos os interesados no expediente, durante o prazo dun mes”. Non sendo polo tanto, neste caso aplicable o citado artigo porque as ditas modificacións non son substanciais e non é necesario un novo trámite de información pública, aínda que se trate dunha modificación do proxecto de compensación, o cal tan só constitúe un sistema de actuación para o desenvolvemento do polígono, non un planeamento en si mesmo. Polo mesmo, non será aplicable o artigo 83.5 da recente lei do solo de Galicia que establece “a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación”.

En consecuencia, e de tratarse de modificacións non substanciais, non será necesario unha vez aprobado polo concello sometelo a información pública mediante publicación no BOP, nun dos xornais de maior difusión da provincia e notificación individualizada aos interesados, sendo suficiente coa aprobación das modificacións tal como previamente foi aprobado pola asemblea xeral da Xunta de Compensación, inda que sí se decida publicar este acordo no boletín oficial da provincia e mesmo na páxina web municipal para xeral coñecemento.

Á vista de todo o cal, e tendo en conta os antecedentes e consideracións xurídicos así como os demais informes, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar definitivamente o proxecto de compensación SAUI 2, coas modificacións indicadas no informe de data 1 de xullo do 2016, asinado polo técnico redactor do proxecto de compensación don Alfredo Varela Nogueira, e aprobado inicialmente pola asemblea xeral extraordinaria da Xunta de Compensación que tivo lugar o 13 de xullo do 2016, téndose deste xeito por executado o FALLO da sentenza 168/2016, de data 10 de marzo de 2016, do TSXG sala do Contencioso Administrativo, sección segunda.
2. Requirir á Xunta de Compensación a presentación do proxecto do documento completo e visado que integre todas as modificacións que se derivan do presente acordo.
3. Publicar este acordo no BOP e na páxina web do concello.

#### **4.Arquivo do expediente de limpeza/corta na leira número 3889313NH4339S0001SZ, do lugar de xxxxx-Lestedo**

O 23 de febreiro do 2016 co número de entrada 16/360, dona María xxxxx, con domicilio en xxxxx, Lestedo, presenta escrito no concello solicitando a limpeza de maleza e corta de eucaliptos, ata gardar as distancias que esixe a normativa existente en materia de prevención de riscos forestais, respecto da leira de monte que está preto da súa vivenda, cuxa referencia catastral é a número 3889313NH4339S0001SZ.

Manifesta que os eucaliptos están a menos de 30 metros da súa vivenda e a maleza a menos de 50 metros da citada vivenda.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 2 de xuño do 2016 acordouse requirir ó propietario da leira don José Manuel xxxxx, para que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de retirada de maleza da leira e a don Jorge xxxxx,



propietario do arboredo para que procedese coa corta do arboredo ata gardar as distancias sinaladas pola lei.

Feita inspección técnica o día 12 de xullo de 2016 compróbase que *“No lugar de xxxxx - Lestedo, compróbase que a leira cuxa referencia catastral é a 3889313NH4339S0001SZ, preto dunha vivenda , cuxa propiedade presentou denuncia, está libre de arboredo e de maleza, polo cal xa non existe risco de incendio forestal,e se cumpren distancias en materia de arboredo, posto que xa non existe ningún.”*

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra don José Manuel xxxxx, propietario da leira cuxa referencia catastral é a número 3889313NH4339S0001SZ, do lugar de xxxxx - Lestedo, por proceder o mesmo cos traballos de limpeza de maleza e contra don Jorge xxxxx, propietario do arboredo, por proceder o mesmo cos traballos de corta do arboredo ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.
2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
3. Comunicar o acordo os interesados.

### **5.Inicio execución subsidiaria de limpeza da parcela número 986, polígono 513 do lugar de xxxxx-Lestedo**

#### Antecedentes

O 19 de maio do 2016, co número de entrada 16/931, don Ramón xxxxx, con domicilio no lugar de “xxxxx” e outros veciños da zona, reclaman ó concello que se poña en contacto cos propietarios dos chalets situados na “Travesía da Cooperativa” con numeración do 9 ó 15 para que procedan coa limpeza da parcela xa que “presenta aspecto de total abandono, de selva ....dende fai moitos anos”.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro e mediante usuario rexistrado a nome do Concello de Boqueixón a titularidade da parcela número 986, polígono 513, figurando “Construcciones y Promociones Sanamil – Lestedo SL”.

Na Xunta de Goberno do 2 de xuño do 2016 requírese a “Construcciones y Promociones Sanamil – Lestedo SL”, propietaria da parcela número 986, polígono 513, do lugar de Ramil – Lestedo para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da maleza existente.

Déuselle trámite de audiencia á citada empresa e ós seus administradores: herdeiros de don Ramón xxxxx, dona Socorro Teresa xxxxx, dona Marisol xxxxx e a don Francisco xxxxx (Administrador concursal da empresa “Construcciones y Promociones Sanamil – Lestedo SL”)

Construcciones y Promociones Sanamil – Lestedo SL, non recibe a notificación por figurar como “descoñecida”; herdeiros de don Ramón xxxxx non reciben a notificación por figurar como “descoñecidos”; dona Socorro xxxxx recibe a notificación o 10 de xuño de 2016;

don Francisco xxxxx recibe a notificación o 9 de xuño do 2016 e dona Marisol xxxxx recibe a notificación o 9 de xuño do 2016.

Con data 22 de xuño do 2016, número de entrada 16/1283, dona Marisol xxxxx expón que unha recibida a notificación de requirimento de limpeza da leira número 986, polígono 513, do lugar de Ramil-Lestedo, manifesta que a empresa “*Construcciones y Promociones Sanamil – Lestedo SL*” *está en concurso mercantil en fase de liquidación da mesma, según Auto do Xulgado do Mercantil número 1 da Coruña , concurso abreviado 149-2013-B, e cesando nas súas funcións ós administradores que foron substituídos polo administrador concursal D. Francisco xxxxx.*

*Solicita que todo elo se teña en conta ós efectos de eliminar responsabilidades cara ela, posto que nada pode facer”*

Feita segunda inspección polo técnico municipal o día 12 de xullo do 2016 no lugar de no lugar de Ramil, “Travesía da Cooperativa” – Lestedo, compróbase que na parcela número 986, polígono 513, existen catro vivendas unifamiliares - pareadas, sen acabar de rematar as obras de construción das mesmas. Ditas vivendas están rodeadas de abundante maleza, o cal supón un risco de produción incendio e de insalubridade”.

#### Consideracións xurídicas

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

- O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro , regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

**1.** Aceptar a alegación presentada por dona Marisol xxxxx, no senso de proceder a continuar a tramitación do expediente co Administrador Concursal, don Francisco xxxxx, así nomeado polo Xulgado do Mercantil número 1 da Coruña , concurso abreviado 149-2013-B.

**2.** Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa total limpeza de maleza na parcela número 986, polígono 513, do lugar Ramil, “Travesía da Cooperativa” – Lestedo, propiedade de “Construcciones y Promociones Sanamil – Lestedo SL”.

**3.** Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de limpeza de maleza ascenden a un total de **1.410 euros**, que terán que ser **aboados polos propietarios** da parcela número 986, polígono 513, do lugar Ramil, “Travesía da Cooperativa”.

4. Dar trámite de audiencia ó administrador concursal, para que proceda, no seu caso, a presentar as alegacións que estime pertinentes en relación co inicio de execución subsidiaria.

## **6.Requirimento de limpeza de leira número 430, polígono 45 do lugar de Ledesma**

### ANTECEDENTES

O 6 de xullo do 2016 co número de entrada 16/1411, don Jesús xxxxx, con domicilio en Ponte Ledesma xxxxx, presenta escrito solicitando a limpeza da leira de monte, que está preto da súa vivenda, posto que está sen limpar a maleza (Leira número 430 do plano)

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, que a parcela é a número 430 e o polígono o número 45, do lugar de xxxxx, Ponte Ledesma, propiedade de dona Esclavitude xxxxx e don Manuel xxxxx.

Según informe do técnico municipal de data 18 de xullo do 2016 *“compróbase que a leira número 430, polígono 45, dedicada a monte está con abundante maleza e a menos de 50 metros perimetrais da vivenda do denunciante, don Jesús xxxxx.*

*Existe perigo de incendio.*

*Non se respecta o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.*

*Axúntase reportaxe fotográfico”.*

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas**

**a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

**Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...)** As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como **os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural )**.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Sinala o artigo 21 ter que son persoas responsables, “para os efectos do establecido nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis, as persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal....”.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

**1.** Requirir ós propietarios da leira número 430, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Jesús xxxxx.

**2.** En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

**3.** Nos vindeiros anos, tendo en conta que a vostede se lle ven esixindo reiteradamente que proceda á limpeza ou corta, na leira número 430, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma (Requirimentos de limpeza na Xunta de Goberno do 7/10/2009, do 04/06/2015; requirimento de corta de piñeiro na Xunta de Goberno do 17 de xaneiro do 2007) INFORMARLLE que a partir do ano 2017, procederase de oficio coa limpeza da citada leira e antes de que se inicie a época de perigo de risco de incendios forestais, se vostede non o fai.

Os custos de dita limpeza repercutiránse a vostedes como propietarios da citada leira.

**4.** Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presenten documentación oportuna.

## **7.Aprobación convenio con ORANGE ESPAGNE SA para a concesión dun espazo na torre de iluminación situada no campo de fútbol de O Forte**

Con data 14 de xuño do 2016, recíbese escrito de ORANGE ESPAGNE SA, solicitando a cesión dun espazo na torre de iluminación situada no campo de fútbol de O Forte, para a instalación dos equipamentos necesarios para o servizo da actividade.

Unha vez asinada dita autorización, se procede, terá que autorizarse, así mesmo, a realización das correspondentes obras, polo que xunto co convenio achegan os correspondentes planos. Non obstante, unha vez que o citado convenio sexa asinado, terá que solicitarse a correspondente licenza ou a presentación da declaración previa, co cal terá que presentarse o necesario proxecto ou memoria urbanística.

Por outro lado, é excesivo o prazo de 10 anos, podéndose aprobar por un prazo máximo de 5 e posteriormente, de ser preciso, poderíase prorrogar.

Por isto e previamente á execución das obras necesarias, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o seguinte convenio con ORANGE ESPAGNE SA para a cesión dun espazo na torre de iluminación situada no campo de fútbol de O Forte ( Ref. catastral 7717306NH4471N0001AD), por un prazo de duración de cinco anos

### **REUNIDOS**

**DE UNA PARTE:** Don Francisco Alfredo Vallejo García, con NIF nº xxxxx, quien actúa en nombre y representación de ORANGE ESPAGNE, S.A. “Unipersonal”, con CIF nº A-82009812 y domicilio social en Parque Empresarial “La Finca”, Paseo del Club Deportivo, 1, Edificio nº 8, código postal 28223 de Pozuelo de Alarcón (Madrid), constituida por tiempo indefinido mediante escritura pública autorizada ante el Notario de Madrid, D. José María Peña y Bernaldo de Quirós, el 13 de mayo de 1998, bajo el número 1.249 de su protocolo, debidamente inscrita en el Registro Mercantil de Madrid, al tomo 13.183, folio 129, hoja M-213.468, inscripción 1ª, actúa en uso de las facultades resultantes de la escritura autorizada ante el Notario de Pozuelo de Alarcón, Don José Antonio Bernal González el 15 de julio de 2014, bajo el número 1.188 de su protocolo, (en lo sucesivo la “EMPRESA”).

**DE LA OTRA:** D. OVIDIO RODEIRO TATO con DNI xxxxx y con domicilio a estos efectos en Casa do Concello de Boqueixón Lugar de Forte s/n.. Boqueixón, código postal 15881 (A Coruña), actuando como ALCALDE-PRESIDENTE del Ayuntamiento de Boqueixón, con C.I.F P1501200H, (En lo sucesivo, el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN).

Ambas partes se reconocen mutuamente la capacidad legal necesaria para el otorgamiento del presente contrato y

### **EXPONEN:**

I.- Que la EMPRESA, como operadora habilitada para la explotación de redes y la prestación de servicios de comunicaciones electrónicas, está desplegando e instalando infraestructuras de red por lo que está interesada en ocupar un espacio en la torre de

telecomunicaciones, que más abajo se describirá e instalar en el mismo los equipamientos necesarios para el ejercicio de su actividad.

II.- Que el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN es dueña de pleno dominio y sin limitación alguna de la torre de iluminación situada en campo de fútbol de Forte-Boqueixón del Ayuntamiento de Boqueixón (A Coruña), código postal 15881, REFERENCIA CATASTRAL: 7717306NH4471N0001AD.

III.- Que las partes desean suscribir un Contrato en virtud del cual el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN cede a la EMPRESA el espacio definido en este contrato para instalar, montar, explotar, mantener, conservar, reparar, modificar y ampliar, por si o por un tercero, el conjunto de infraestructuras de telecomunicaciones necesarios para la explotación de redes y la prestación de los servicios de telecomunicaciones electrónicas a los que a EMPRESA está legalmente habilitada, a cambio del pago a el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN de una contraprestación económica.

De conformidad con lo expuesto, ambas partes convienen el presente contrato con sujeción a las siguientes:

## **ESTIPULACIONES**

### **PRIMERA.- OBJETO DEL CONTRATO**

El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN cede un espacio en la torre de iluminación descrita en el Exponente Segundo a la EMPRESA, que lo acepta, para la instalación en el mismo de un conjunto de infraestructuras de telecomunicaciones necesarias para la explotación de redes y la prestación de servicios de comunicaciones electrónicas para los que la EMPRESA está legalmente habilitada.

La ejecución y/o instalación de estas infraestructuras lleva aparejada, de forma enunciativa que no limitativa, la ejecución y/o instalación de todo el equipamiento preciso para la ubicación de antenas exteriores e interiores, armazones y soportes de las mismas; los cables coaxiales que interconectan las antenas con los equipos electrónicos de telecomunicaciones; el paso de los servicios de suministros eléctricos y telefónicos; los cables de conexión; la red de tierras; las obras necesarias para el acceso a la Finca de la fibra óptica; así como cualquier otro equipamiento que sea necesario o conveniente para la instalación, ejecución, explotación, conservación, reparación, mantenimiento, modificación y ampliación de las infraestructuras de telecomunicaciones necesarios para la explotación de redes y la prestación de servicios de comunicaciones electrónicas.

### **SEGUNDA.- PRECIO**

El precio de la renta se establece en la cantidad de DOS MIL (2.000) euros brutos anuales, más el impuesto territorial correspondiente que será abonada por la EMPRESA a AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN por trimestres naturales vencidos a partir del momento establecido en el párrafo siguiente.

El primer pago se realizará en los diez primeros días del trimestre natural siguiente al de la fecha en que se concluya la instalación de las antenas, y comprenderá la parte del correspondiente al periodo transcurrido entre el inicio de la instalación y el último día del trimestre natural en que se haya procedido a dicha instalación.

El pago se realizará en el domicilio bancario señalado por el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN en el ANEXO A del presente documento.

El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN autoriza a la EMPRESA, a expedir las facturas que documenten las relaciones entre ambos en su nombre y en base a las siguientes reglas y procedimientos: La EMPRESA expedirá las facturas que documenten los derechos de crédito de que es titular AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN (Auto factura) y se las remitirá a AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN. La EMPRESA establecerá la codificación y numeración de las facturas.

Las incidencias detectadas por el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN en el contenido, concepto o importe de la factura, deberán ser comunicadas a la EMPRESA por los cauces establecidos en la Cláusula Decimoquinta de este contrato, procediéndose en su caso, bien a la emisión de una factura complementaria o bien realizando los ajustes que procedan en la siguiente factura a emitir por la EMPRESA. Si en el plazo de 20 días desde la recepción de la factura por el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN, la EMPRESA no recibe comunicación expresa de el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN informando de la existencia de tales incidencias las facturas se considerarán correctas y definitivas a todos los efectos sin que proceda ulterior rectificación de clase alguna.

La factura incorporara todos los requisitos legales y reglamentarios tanto fiscales como mercantiles. La factura así confeccionada por la EMPRESA, tendrá los mismos efectos legales y fiscales que si hubiera sido formalizada por el titular del contrato, entre los que se encuentran su inscripción en el Libro Registro de I.V.A., su inclusión en los libros contables y en las correspondientes declaraciones tributarias. En particular la factura servirá como documento acreditativo del IVA soportado por la EMPRESA y del IVA repercutido a el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN, así como del ingreso para el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN y la retención aplicada en su caso. El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN se responsabilizará, si así procede, del ingreso en Hacienda de la deuda tributaria correspondiente al impuesto indirecto que sea de aplicación sin que a la EMPRESA le competa o pueda imputársele ninguna responsabilidad.

La renta pactada se actualizará anualmente, adaptándose a las variaciones que experimente el Índice General de Precios al Consumo, mediante certificación emitida por el Instituto Nacional de Estadística para el período de enero a diciembre del año anterior a la fecha de revisión, fijándose la primera revisión para el uno (1) de Julio de 2017.

### **TERCERA.- VIGENCIA**

El presente contrato tendrá una duración inicial de (5) CINCO años, a partir de la fecha de la firma del mismo, siendo de obligado cumplimiento para ambas partes.

Al final de este periodo, el contrato quedará automáticamente renovado, y se prorrogará por periodos sucesivos de cinco años, salvo que la EMPRESA O el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN NOTIFIQUEN su intención de no renovarlo con al menos seis meses de antelación a la fecha de terminación inicial del mismo o de cualquiera de sus prórrogas, mediante comunicación formal, expresa y escrita que deje constancia de su envío y de su recepción. Cada renovación lo será con sujeción a los mismos términos y condiciones estipulados en este contrato.

#### **CUARTA.- INSTALACIONES**

Los servicios de teléfono y electricidad serán de cuenta de la EMPRESA, contratándolos por su cuenta y cargo a las empresas suministradoras y mediante la instalación de los equipos y aparatos contadores necesarios a tal fin. El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN autoriza expresamente mediante el presente acuerdo dicha instalación. El cableado de estos servicios se realizará preferentemente por las canalizaciones propias de la Finca y, en su defecto, por el punto que acuerden las partes.

En todo caso y sin perjuicio de lo indicado en el precedente párrafo, El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN, otorga y constituye a favor de la EMPRESA servidumbre de paso sobre los elementos comunes de la torre de iluminación para la ubicación de las infraestructuras necesarias y convenientes tanto para la instalación de los equipos detallados en la cláusula primera de este contrato, como de las correspondientes a los suministros eléctricos y telefónicos indicados en el párrafo anterior.

El conjunto de infraestructuras de telecomunicaciones necesario para la prestación de servicios de comunicaciones electrónicas se ubicará dentro del espacio arrendado en el punto óptimo para la mejor prestación del servicio y siempre a criterio de la EMPRESA.

También serán de cuenta de la EMPRESA todos los gastos de montaje, instalación, mantenimiento, reparación, modificación, ampliación y retirada de las infraestructuras y equipamientos de telecomunicaciones instalados en la torre de telecomunicaciones.

El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN autoriza a la EMPRESA a realizar cuantas modificaciones, ampliaciones y adaptaciones fueran convenientes o necesarias en las infraestructuras de telecomunicaciones previstas en este contrato para su adaptación a las nuevas tecnologías, con la finalidad de optimizar la explotación de redes y la prestación de los servicios de comunicaciones electrónicas para los que está habilitada.

La EMPRESA se responsabilizará de la obtención de todas las licencias y/o autorizaciones que fueran precisas para el desarrollo de su actividad en el espacio contratado, así como del abono de todas las cantidades que se devenguen por este concepto. El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN se compromete a colaborar en todo lo que proceda, para la solicitud, tramitación y obtención de dichas licencias y/o autorizaciones.

Una vez finalizada, por cualquier causa, la vigencia del presente contrato, la EMPRESA se compromete a reponer el espacio ocupado a su situación original, salvo los desperfectos ocasionados por el uso normal del espacio cedido.

#### **QUINTA.- ACCESO**

A la firma del presente documento El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN hace entrega a la EMPRESA de todas las llaves que dan acceso al espacio cedido, autorizando el paso en todo momento al mismo a las personas que ésta designe, con los equipos necesarios para la realización de los trabajos de instalación, mantenimiento, reparación, modificación, ampliación, sustitución o retirada total o parcial de las infraestructuras y equipos de telecomunicaciones.



A estos efectos, El ARRENDADOR entrega en este acto a la EMPRESA las llaves necesarias que dan acceso 24 horas a la torre de telecomunicaciones. ORANGE ESPAGNE, S.A podrá acceder en cualquier momento al cuarto en el que se ubicarán los equipos y cuya ubicación se determinará de común acuerdo con el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN. Así mismo, el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN autoriza a la EMPRESA la instalación de un cajetín de seguridad para guardar las llaves de acceso, empotrándolo en el punto de la fachada que las partes establezcan de mutuo acuerdo.

Durante el periodo de instalación y/o ejecución, la EMPRESA se compromete a gestionarlo de forma y manera que causen la menor incomodidad posible a el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN y a seguir los procedimientos de acceso acordados con la misma.

En el supuesto de que el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN cambiase las cerraduras de los accesos a la finca o a sus elementos comunes, ésta tendrá la obligación de notificar dicha circunstancia a ORANGE ESPAGNE, S.A a la mayor brevedad, facilitándole con suficiente antelación, copia de las nuevas llaves.

En caso de que fuera necesario y fuera posible, el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN autoriza a la EMPRESA a acondicionar un acceso independiente y exclusivo al espacio contratado.

#### **SEXTA.- CAUSAS DE RESOLUCION**

La EMPRESA podrá resolver el presente contrato en cualquier momento y sin pago de indemnización o penalización de clase alguna, en los siguientes casos:

- Por el incumplimiento de los compromisos y obligaciones asumidos por el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN.
- Por la no obtención de todos los permisos o licencias necesarias para instalar u operar los equipos de telecomunicaciones.
- Porque los ensayos o pruebas técnicas realizadas para verificar la idoneidad del emplazamiento, no fueran satisfactorios para la EMPRESA
- Porque el espacio arrendado pierda la idoneidad para la instalación de los equipos de telecomunicaciones.
- Por el incumplimiento por el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN de su obligación de garantizar el acceso a la torre de iluminación en todo momento. En este caso, esta mercantil se reserva el derecho de ejercer las acciones legales oportunas para la reclamación de los daños y perjuicios causados.

En cualquiera de estos supuestos, el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN hará suyas las rentas percibidas hasta el momento de la resolución.

La EMPRESA podrá resolver el contrato, sin pago de indemnización o penalización de clase alguna y mediante comunicación formal, expresa y escrita a el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN que deje constancia de su envío y de su recepción con un preaviso de tres meses, en los siguientes supuestos:

- En caso de finalización, pérdida o modificación de los títulos administrativos que habiliten a la EMPRESA para la explotación de redes y la prestación de servicios de comunicaciones electrónicas
- Cualquier modificación o alteración en la torre de iluminación o en su entorno, de tal manera que a causa de ello, las infraestructuras de telecomunicaciones dejasen de tener la ubicación o características necesarias para la explotación en la misma de servicios de comunicaciones electrónicas

- En caso de que las condiciones, progresos y avances tecnológicos experimentados en la explotación de redes y/o en la prestación de servicios de comunicaciones electrónicas, aconsejen y/o hagan más conveniente el uso de otros emplazamientos distintos de los contemplados en este contrato.

### **SEPTIMA.- DERECHOS Y OBLIGACIONES DE LAS PARTES**

Las Partes vienen obligadas a observar y cumplir todos y cada uno de los compromisos y obligaciones contemplados en este contrato con los efectos previstos en la cláusula precedente en caso contrario.

Asimismo la EMPRESA será responsable de los daños ocasionados a el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN o a terceros, derivados directamente de la instalación de sus equipos y del desarrollo de su actividad en el espacio cedido. A estos efectos, la EMPRESA se obliga a tener contratado, durante todo el tiempo de vigencia del contrato, una póliza de seguro de responsabilidad civil con entidad aseguradora de reconocida solvencia, que garantice suficientemente los riesgos mencionados.

Por su parte el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN se abstendrá de menoscabar en modo alguno los derechos constituidos a favor de la EMPRESA, siendo responsable de los daños y perjuicios que se causen a las infraestructuras de telecomunicaciones de la EMPRESA; debiendo repararlos y satisfaciendo a la EMPRESA la indemnización que corresponda.

Es obligación de el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN comunicar a LA EMPRESA de forma inmediata, los cambios en la titularidad de la torre de iluminación para garantizar la fluida comunicación entre las partes contratantes evitando posibles problemas de facturación.

### **OCTAVA.- RUIDOS E INTERFERENCIAS**

La EMPRESA garantiza la no emisión de ruidos o vibraciones por sus equipos por encima de los límites establecidos en las Ordenanzas Municipales correspondientes, y en caso de producirse, adoptará de forma inmediata todas las medidas necesarias para su eliminación.

La EMPRESA se compromete a que sus equipos no produzcan ningún tipo de interferencias a los equipos receptores de radio y televisión de AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN, y en caso de producirse, adoptará de forma inmediata todas las medidas necesarias para su eliminación.

### **NOVENA.- CESION DEL CONTRATO**

